

BOLSAS E PRÁCTICAS:

-Prácticas de desenvolvidor Java/Web no Valedor do Pobo Europeo - ata o 28 de outubro

Prácticas remuneradas no Valedor do Pobo Europeo (Estrasburgo) cunha duración de entre 4 e 12 meses, a partir de febreiro/marzo de 2025. É necesario ter cursado ou estar cursando un máster (ou unha enxeñería) en desenvolvemento de software. Infórmate [aquí](#).

-Bolsas para a formación práctica de graduados e graduadas universitarios/as con coñecementos especializados na Unión Europea e o sistema constitucional e parlamentario español - ata o 28 de outubro

O Congreso dos Deputados convoca catro bolsas individuais remuneradas para a realización de estudos e tarefas aplicadas de carácter documental, estatístico, informativo e analítico relacionadas cos órganos e actividades da Unión Europea en xeral e co sistema constitucional e parlamentario español. As bolsas terán unha duración de 12 meses prorrogables. [Máis info](#).

-Prácticas Schuman no Parlamento Europeo - ata o 31 de outubro

Cinco meses de formación para persoas graduadas universitarias con inicio no mes de febreiro. Consulta os [requisitos](#).

Consulta todas as bolsas e prácticas abertas na páxina: <https://europedirect.dacoruna.gal/becas/>

VOLUNTARIADO:

-Oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade - consúltaas todas [aquí](#)

Consulta outras oportunidades de voluntariado na páxina: <https://europedirect.dacoruna.gal/voluntariado-europeo/>

OUTRAS OPORTUNIDADES:

-Online Job Summit: Where Talent Meets Opportunity: Start working in Germany...from temporary to permanent! - 30 de outubro

No marco das Xornadas Europeas do Emprego organizadas pola rede EURES, este evento en liña é unha boa ocasión para informarte sobre oportunidades para entrar no mercado laboral alemán. O evento conta, polo de agora, con 116 empregos dispoñibles e a participación de 31 empresas. Anótate [aquí](#).

-Charla informativa en liña: Motivos para estudar e/ou investigar en Alemaña e Becas do Servizo Alemán de Intercambio Académico (DAAD) - 4 de novembro

O lectorado do DAAD na UCM organiza este relatorio para informar sobre os programas de becas de estudos e investigación en Alemaña. [Aquí](#) poderás ver un listado das becas dispoñibles e [aquí](#), máis información sobre a charla.

-Programa de formación en Unión Europea para Xornalistas Novos- ata o 10 de novembro

RTVE instituto e a Escola de Xornalismo da Axencia EFE, en colaboración coa Oficina Española do Parlamento Europeo, abren prazo para presentar candidaturas á IV edición do Programa de formación en Unión Europea para Xornalistas Novos. O curso constará de dous módulos: o primeiro celebrarase do 11 ao 13 de decembro nas instalacións de RTVE e Axencia EFE e o segundo, en marzo do vindeiro ano. Consulta máis información e inscríbete [aquí](#).

-A Comisión pon en marcha un novo curso para xornalistas: Massive Open Online Course (MOOC) Cubrir a política de cohesión en Europa- sen data límite

O curso, que abarca un semestre completo, ten como obxectivo abordar as brechas na educación xornalística e promover o coñecemento sobre a política de cohesión e os seus beneficios para as rexións e cidades europeas. Está dirixido a estudantes de xornalismo, profesionais e persoas interesadas nos asuntos da UE. Máis información [aquí](#).

